



BOP

MÉRCORES, 9 DE ABRIL DE 2025

N.º 082

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Anuncio

Para os efectos oportunos, publícase que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo adoptou, na súa sesión ordinaria do día 4 de abril de 2025, o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do Premio Otero Pedrayo, 2025, con sujeción ás seguintes cláusulas:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2025

1. CONVOCATORIA

1.1. Convócase o Premio Otero Pedrayo 2025, dotado con dezaseis mil euros (16.000,00 €), segundo as disposicións do regulamento correspondente.

1.2. Esta convocatoria corresponde ao ano 2025, de acordo co disposto no regulamento, no que se establece o seu ámbito autonómico e o seu carácter anual; convócaa cada ano unha das deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, por esta mesma orde.

1.3. Atendendo ás razóns expostas, a convocatoria e a concesión do premio, na edición de 2025, atribúeselle á Deputación de Pontevedra, que consignará na aplicación 25/330.3340.481.04 do seu orzamento de gastos o importe do premio (16.000,00 €) máis os gastos correspondentes á súa organización, e no de ingresos, as sumas que deberán achegar cada unha das demais deputacións de Galicia, cotitulares do premio, cunha contía de 2.000,00 € cada unha delas, e a Xunta de Galicia, con 8.000,00 €.

2. OBXECTO DO PREMIO

O premio Otero Pedrayo ten por obxecto:

- Perpetuar e honrar a memoria da persoa egrexia no campo das letras e do coñecemento.
- Premiar un labor que constituía unha contribución eminente á cultura galega.
- Promover os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora da súa cidadanía e institucións.

3. PERSOAS CANDIDATAS

3.1. Poderán optar ao premio:

- As persoas naturais nadas ou residentes en Galicia ou con cumprida raizame nela.
- Os grupos de traballo radicados en Galicia ou constituídos para promover a cultura galega.
- As personalidades ou institucións que se caractericen pola difusión e polo mantemento da cultura galega.

3.2. A opción ao premio determinarase por unha candidatura, que poderá ser feita por:

- Calquera persoa física ou xurídica das sinaladas no apartado 3.1., respecto de si mesmas.
- As entidades académicas e culturais galegas respecto dos seus membros.
- Calquera dos presidentes das deputacións provinciais de Galicia, a proposta das respectivas comisións de Cultura.
- A Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente.
- O mesmo xurado, xa constituído.

4. TRAMITACIÓN

4.1. A presentación de candidaturas ao premio deberá realizarse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación da inscrición, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Opcionalmente, poderá presentarse a inscrición de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.2. O prazo para a presentación de candidaturas será de tres meses, a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP de Pontevedra. Esta publicación realizarase tamén nos boletíns oficiais das provincias da Coruña, Lugo e Ourense, no DOG e nos diarios de máis difusión da comunidade autónoma.

4.3 Xunto co formulario de presentación de candidaturas as persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación.

- Recensión biográfica da persoa ou agrupación que aspira ó premio.
- Documentos e antecedentes que se consideren de interese para o coñecemento da súa dimensión literaria ou científica.
- Cinco exemplares do texto do traballo co que se opta ao premio, presentados a dobre espazo, letra Times New Roman corpo 12, no caso de que a proposta se basee nunha obra ou produción singular concreta.
- No caso de agrupacións e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación das tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio.

4.4. A presentación da candidatura determina a aceptación íntegra das condicións desta convocatoria e das contidas no regulamento do premio.

4.5. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “Instancia xenérica”, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.6 No caso de que a solicitude non reúna os datos exixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 daLPACAP, requiriráselle á persoa interesada que emende as faltas ou presente os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles e indicaráselle que, de no o facer, considerárase desistida a súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

4.7 Unha vez rematado o prazo ao que se refire o apartado 4.2. a Secretaría da Deputación de Pontevedra expedirá unha certificación das propostas presentadas que, xunto con elas e coa documentación correspondente, pasarán ao xurado do premio, para que todos os membros as coñezan con antelación suficiente á reunión de deliberación.

4.8. A cada solicitude ou proposta xuntaráselle cantos documentos se consideren de interese para o mellor coñecemento do/a candidato/a.

5. XURADO E ACTUACIÓNS

5.1. Para adxudicar este premio constituirase un xurado integrado por:

- Presidencia, o Presidente da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue.
- Vicepresidencia, a persoa titular da presidencia da deputación que convoca o premio, que este ano lle corresponde á Deputación de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
 - Os presidentes das tres deputacións restantes, ou persoas nas que deleguen.
 - O presidente da Comisión de Cultura da Deputación que convoca, ou persoa en quen delegue.
 - O conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, ou persoa en quen delegue.
 - Un representante de cada un dos seguintes organismos:
 - a) Universidade de Santiago de Compostela
 - b) Universidade de Vigo
 - c) Universidade da Coruña
 - d) Real Academia Galega
 - e) Instituto “Padre Sarmiento” de Estudos Galegos
 - f) Fundación Otero Pedrayo

— Cinco persoas de recoñecida autoridade científica e literaria, designadas pola Xunta de Galicia e de cada unha das deputacións.

Procurarase a paridade de xéneros nos membros do xurado.

— Secretaría, con voz e sen voto, o secretario da Deputación de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.

5.2. O xurado constituído emitirá o seu ditame no mes seguinte ao día no que remate o prazo de presentación de candidatos, e a súa actuación suxeitarase ao disposto nos artigos 4.2 a 4.6 do regulamento do premio.

5.3. Da actuación do xurado e da adxudicación do premio redactarase unha acta detallada que, asinada polos seus membros e coa totalidade das documentacións presentadas, pasará a coñecemento do Pleno da Deputación convocante na primeira sesión que teña lugar.

5.4. A copia da acta e dos demais antecedentes que cumpran para o coñecemento da tramitación do premio remitiránelles ás deputacións da Coruña, Lugo e Ourense.

6. ENTREGA DO PREMIO

A entrega do premio realizarase no lugar e na data que determine o presidente da Deputación de Pontevedra, nun acto solemne e coa asistencia dos membros da Corporación provincial e do xurado, así como de personalidades das artes, letras e ciencias da Comunidade Autónoma.

Xunto co premio, a persoa galardoada recibirá unha copia da acta da reunión do xurado.

7. NORMAS SUPLETORIAS

No que non estea previsto expresamente nestas bases, o xurado e a Deputación convocante terán en conta as normas contidas no regulamento do premio e nos xerais do funcionamento da Corporación provincial.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Lugo, 4 de abril de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0934

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2025/CON_02/000040.- CARBALLEDO.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-1005 “TRASAR (LU-P-1002) – RAÑADOIRO – LÍMITE PROV. P.K 0+000 A 5+693 E RAMAL “A TRASAR DE SABUGUEIRO” 0+000 A 0+496

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 4 de abril de 2025 - O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0935

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE VARIAS ORDENANZAS E REGULAMENTOS

No pleno do 3 de abril de 2025 aprobaronse inicialmente as seguintes Ordenanzas e Regulamentos sin contido económico:

- Regulamento do uso e funcionamento do ximnasio municipal de Barreiros.
- Modificación puntual da ordenanza pola que se aproba a creación e supresión de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Barreiros.
- Ordenanza reguladora do abastecemento de auga do Concello de Barreiros.
- Ordenanza reguladora da instalación e usos en terrazas do Concello de Barreiros.

Sométense os expedientes a información pública por prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán formular as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas.

Barreiros, 4 de abril de 2025.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0936

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE VARIAS ORDENANZAS FISCAIS

No pleno do 3 de abril de 2025 aprobaronse inicialmente as seguintes Ordenanzas fiscais:

- Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo do ximnasio municipal.
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos de recollida de lixo, abastecemento de auga e rede de sumidoiros e depuración de augas residuais no Concello de Barreiros.

Sométense os expedientes a información pública por prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán formular as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas.

Barreiros, 4 de abril de 2025.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0937

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario núm. 4/2025 e modificación do Anexo de Inversións do orzamento xeral do 2025.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2025. aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 04/2025, na modalidade de crédito extraordinario.

Así mesmo aprobou a modificación do anexo de inversións do orzamento xeral do exercicio 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 2 de abril de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0923

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 2/2025, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de douscentos vinte e seis mil oitocentos sesenta euros (226.860,00 €), primeiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.412.170,66.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.453.264,16.-
3.- Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4.- Transferencias correntes.....	97.160,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	725.412,10.-
7.- Transferencias de capital.....	27.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	3.720.049,82.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 3 de abril de 2025.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 0924

GUITIRIZ

Anuncio

Publicación da resolución de alcaldía de data 04/04/2025 pola que se acorda aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, designar o tribunal e constituir o mesmo, así como fixar a data da fase de oposición: proba tipo test e suposto práctico no expediente de selección de dúas auxiliares de axuda no fogar como persoal laboral fixo mediante oposición libre. Exp. 512/2024.

“DECRETO LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 2 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE (OEP 2023). EXPTE 512/2024.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- O Concello de Guitiriz aprobou por Acordo de XGL de data 24/07/2024 as bases e convocatoria de selección de 2 auxiliares de axuda no fogar como persoal laboral fixo mediante oposición libre (OEP de 2023).
- No BOP de Lugo nº 182 do 07/08/2024 foron publicadas integramente as bases da convocatoria. En datas 03/09/2024 e o 19/09/2024 publicáronse anuncios da convocatoria no DOGA e BOE, respectivamente.

- Por Decreto de alcaldía 2024-0942 de data 21/11/2024 aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo. Dita lista foi publicada no taboleiro de anuncios, páxina web e na sede electrónica municipais na mesma data.
- Alegación presentada por Eva López Rodríguez con data 25/11/2024 (E-RC-4876) aportando o carnet de conducir e solicitando a súa inclusión na lista de admitidos.
- Alegación presentada por Ana Rubí Rodríguez Almonte con data 04/12/2024 (E-RC-4994) aportando o carnet de conducir e solicitando a súa inclusión na lista de admitidos.

Considerando o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; no Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; na Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; no Texto refundido do Estatuto dos Traballadores; e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Analizada a documentación en relación as alegacións presentadas por Eva López Rodríguez e Ana Rubí Rodríguez Almonte comprobase que presentan o carnet de conducir válido e en vigor. Procede por tanto incluír ambas aspirantes na lista de admitidos do proceso selectivo.

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidas:

Aspirantes admitidos/as:

APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO	LINGUA EXAMES	CELGA
Freire Caamaño, Tania	***4136**	Castelán	SI
Gómez Fernández, Judit	***3922**	Castelán	SI
Rojo Rujas, Olga	***8579**	Castelán	NON
Lozano Teijido, Arancha	***4207**	Galego	SI
Sánchez Rivera, Virginia	***1720**	Castelán	NON
Rodríguez López, Eva	***4258**	Castelán	SI
Rodríguez Almonte, Ana Rubí	***1777**	Galego	SI

Non hai aspirantes excluídos/as.

Todos aqueles aspirantes nos que consta que teñen CELGA coa reseña “SI” (mínimo Celga 2) están exentos de efectuar a proba de coñecemento de galego, estando obrigados a facer a proba aqueles nos que consta que “NON” teñen CELGA.

TERCEIRO.- De conformidade coa base quinta das bases da convocatoria, artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado Público, désígnanse ós seguintes membros do tribunal do proceso selectivo:

Presidenta/e:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Angeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo.

Vogal 1ª:

Titular: Dona Silvia García López, xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Vanesa Mariño Arias, traballadora social na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo.

Vogal 2ª/a:

Titular: Dona María José Ferreiro López, ATS na Sección Saúde, Seguridade e Prevención da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Ana María Abel Longarela, xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación Provincial de Lugo.

Vogal 3ª/a:

Titular: Don Jesús Manuel Reguera López, coordinador xefe apoio e asuntos sociais na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Nerea Blanco López, auxiliar na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo.

Secretario/a:

Titular: Dona Montserrat Conde López, secretaria – interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación Provincial de Lugo.

Colaboradora: Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación Provincial de Lugo ou Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación Provincial de Lugo.

CUARTO.- A data de constitución do Tribunal será o día 24 de abril de 2025 ás 09:30h na Aula de Formación da Deputación de Lugo e a **data de realización fase de oposición: proba tipo test (6.1.A) e suposto práctico (6.1.B) será:**

- **Data:** 07/05/2025
- **Hora:** 09:30h
- **Lugar:** Salón de Plenos do Concello de Guitiriz (Rúa do Concello, nº4).

A fase de oposición: proba tipo test e suposto práctico (base 6.1.A e 6.1.B) realizaranse nesta data, rematada a proba tipo test por todos os aspirantes dará comezo o suposto práctico.

A proba tipo test consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 50 preguntas (máis 3 preguntas de reserva) con 4 respostas alternativas das que só unha será correcta, referidas ao contido do posto de traballo segundo o Anexo II das bases.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 60 minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superala. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,2 puntos. As respostas incorrectas descontarán 0,067 puntos. As non contestadas non penalizarán.

O **suposto práctico** estará relacionado coas funcións propias do posto, a proposta do tribunal, que poderá formular preguntas sobre o mesmo, referidas ao contido do Anexo II das bases, únicamente á parte específica.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 60 minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superala.

QUINTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos."

Guitiriz, 4 de abril de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0951

LOURENZÁ

Anuncio

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN de traballadores desempregados EN RÉXIME LABORAL temporal POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE: un/ha TRACTORISTA e un/ha peon de limpeza, PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN ao abeiro DO PLAN DEPUTACION de COOPERACIÓN COS CONCELLOS entre o concello de lourenzá e a excma. deputación provincial de lugo (programa de reforzo do emprego 2024)

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 04/04/2025 aprobase A CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN de traballadores desempregados EN RÉXIME LABORAL temporal POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE: un/ha TRACTORISTA e un/ha peon de limpeza, PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN ao abeiro DO PLAN DEPUTACION de COOPERACIÓN COS CONCELLOS entre o concello de lourenzá e a excma. deputación provincial de lugo (programa de reforzo do emprego 2024)

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 7 de abril de 2025.- O Alcalde en funcións, Javier Huertas Otero.

R. 0952

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS SEGUNDAFRACCION CURSO 2024/2025.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 31.03.2025aprobouseopadrón pola Taxa prestación do servizo de escolas deportivas segunda fracción curso 2024/2025.

De acordo co artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 02.05.2025 ata o 02.07.2025.

Advertese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 1 de abril de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0925

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA FEBREIRO 2025 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 24.03.2025 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de FEBREIRO 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 16.04.2025 ao 16.06.2025.

Advértese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 25 de marzo de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0926

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCION MECANICA E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 24.03.2025 aprobouse o padrón do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do exercicio 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito Público , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 11.04.2025 ao 12.06.2025

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

1. Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
2. A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
3. A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advértese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 25 de marzo de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0927

*Anuncio***APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 3º FRACCIÓN MATRÍCULA CURSO 2024-2025**

Por Xunta de Goberno Local do día 24.03.2025 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio 3ª fracción matrícula curso **2024-2025**.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende 02.05.2025 ata o 02.07.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 25 de marzo de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0928

Anuncio

O Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo do 2025 prestou aprobación á modificación da relación de postos de traballo que a continuación se detallan:

Praza FAE08, nova valoración das funcións da praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial

Praza FAX24 valoración e descrición das funcións e características da praza de administrativo/a de administración xeral, adscrito/a á Alcaldía

Praza FAX07 modificación da ficha do posto de bibliotecaria/responsable do arquivo

Praza FAX05 modificar da ficha do posto de Técnico administración xeral, engandindo nova función.

Expónse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de vinte días para a presentación de reclamacións, suxerencias ou alegacións contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto no artigo 202 da Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Monforte de Lemos, 3 de abril de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0939

MONTERROSO*Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada con data de 27/03/2025 o expediente de baixas e altas de dereitos recoñecidos pendentes de cobro e obrigas recoñecidas pendentes de pago procedentes de exercicios pechados, expónse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Monterroso, 31 de marzo de 2025.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Eloy Pérez Sindín.

R. 0929

Anuncio

D. Eloy Pérez Sindín, alcalde-presidente do Concello de Monterroso con data 04 de abril de 2025 resolveu:

Advertido erro na publicación do anuncio para a convocatoria da elección do cargo de xuíz de paz titular, BOP nº 74 de 04/04/25, e visto o artigo 109 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas onde pon “o cargo de xuíz de paz titular e substituto”, debería poñer: “cargo de xuíz de paz titular” En virtude das competencias que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, resolvo:

Corrixir o anuncio para a convocatoria da elección do cargo de xuíz de paz titular no sentido anteriormente exposto.

Monterroso, 4 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 0938

PANTÓN

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación puntual da Plantilla do persoal do Concello de Pantón que afecta ao posto de Secretaria-intervención.

Con data do 20.12.2024 o Pleno municipal adotou por unanimidade o acordo para a aprobación inicial da modificación da Plantilla do persoal do Concello de Pantón derivada do expediente da Agrupación co Concello de Sober para o sostemento en común do posto de Secretaria-Intervención

Con data do 23.12.2024 foi publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 295.

Con data do 28.03.2025 emítese certificado de Secretaria-intervención de que non se presentaron alegacións contra o acordo de aprobación inicial.

Con data do 02.04.2025 o Pleno municipal adoptou por unanimidade o acordo para a aprobación definitiva da Agrupación co Concello de Sober para o sostemento en común do posto de Secretaria-Intervención

A vista do que antecede, en cumprimento do disposto no art. 169 da Lei reguladora das Facendas Locais, PUBLÍCASE o texto da modificación puntual da plantilla do Persoal do Concello de Pantón no tocante ao posto de Secretaria-intervención pola Agrupación co Concello de Sober para o sostemento en común do ditoposto :

Posto	Dotación	Grupo	Salario Base	Pagas extra	Complemento Específico	Complemento de destino (28)	Complemento de Agrupación	Especial Adicación	Retribución Total	% Adicación
Secretaria-intervención en Agrupación	1	A1	8.757,54 €	2.916,03 €	23.795,54 €	7.668,65 €	2.115,16 €	3.101,80 €	50.516,88 €	55,00

Contra o presente Acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa 1.

Pantón, 3 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0930

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 01 de Abril de 2025, acordou aprobar o proxecto “Melloras da ruta de sendeirismo: ruta do ferro”.

Así mesmo, acordouse expoñer ao público o citado proxecto polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello.

De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

Riotorto, 2 de abril de 2025.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0931

SAMOS

Anuncio

O día 04/04/2025, a Alcaldesa de Samos, mediante Decreto 2025-0053, **aprobo** as BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (2 CONDUCTORES DE TRACTOR E OUTROS VEHÍCULOS MUNICIPAIS DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (2 CONDUCTORES DE TRACTOR E OUTROS VEHÍCULOS MUNICIPAIS DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

1.-OBXECTO

1.1. Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de dous (2) CONDUCTORES DE TRACTOR E OUTROS VEHÍCULOS MUNICIPAIS (categoría oficial de primeira de oficio) ao abeiro do “Programa de Reforzo do Emprego” que se incardina dentro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de 08/01/2024), para a execución de obras ou servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese social e xeral.

Os custes salariais totais dos traballadores/as que se contrate, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos e a indemnización fin de contrato se financiarán coa achega económica da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 establece no seu apartado dous: “No se poderá proceder a contratación de personal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”.

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que as mesmas se encadran dentro dos servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento de servizos públicos esenciais declarados polo Pleno Corporativo en sesión celebrada en data 03/08/2012 nas súas diversas funcións e categorías profesionais, servizos todos eles prestados directamente por este Concello en exercicio das competencias que lle son propias e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade.

1.2. Normas de aplicación:

A presente contratación laboral rexerase:

- Polo artigo 15.1, a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.

- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por o que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Asemesmo rexerase polo establecido no Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de data 08/01/2024).

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de oposición.

1.4. A presente convocatoria e as bases íntegras publicaranse no BOP, no taboleiro de anuncios do concello de Samos e no da súa sede electrónica (enlace concellosamos.sedelectronica.gal). Tamén serán enviadas á Deputación de Lugo xunto coa convocatoria para que sexan publicadas na súa páxina web institucional de conformidade co disposto na base 11ª.2 das reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024.

Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato laboral temporal que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada (6 meses) na modalidade de eventual polas circunstancias da produción determinado previsto no artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro. Establécese como data máxima de remate o **31 de outubro de 2025 (data sinalada no Plan Deputación)**, e a xornada completa.

3. FUNCÍONS

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultados do proceso de selección o constituirá a realización de obras, servizos e actividades no territorio municipal que respondan a necesidades urxentes e inaprazables que afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento as distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

En particular, as seguintes:

- Conducir o tractor con desbrozadora e outros vehículos municipais
- Realizar traballos de desbroce e outros relacionados ca prevención de incendios.
- Realizar traballos de mantemento da infraestrutura viaria municipal.
- Manter a maquinaria en perfecto estado de conservación e realizar as reparacións que non necesiten ir ao taller
- Colaborar con outros departamentos en distintas tarefas da actividade municipal.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, neste marco xeral, respectando a súa categoría profesional, para unha máis organizada e eficiente desenvolvemento das tarefas e prestación dos servizos municipais.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias (documento xustificativo de pagamento de taxas para expedición do título cando aínda non se dispoña do mesmo), do título de graduado en E.S.O. ou calquera titulación equivalente ou superior, o cal se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

f) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 8ª.

g) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custos de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello. (clausula 11ª.1 das bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024).

h) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

5. SOLICITUDES

A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases e dirixirase á Sra. alcaldesa do concello de Samos, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa instancia solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.

Para o caso de que o aspirante cumpra o requisito da nacionalidade nos termos establecidos na letra a.3) da base 4ª, adicionalmente deberá presentar a documentación acreditativa do vínculo de parentesco xunto coa declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Documentación acreditativa do requisito de titulación esixido nas bases.

c) Tarxeta de demandante de emprego.

d) Permiso de conducir tipo B.

e) Acreditar o coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, realizará un exame de galego nos termos sinalados na base 8ª.

f) No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

A documentación poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se envíe a documentación polos medios do art. 16.4 da Lei 39/2015, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia co selo da presentación na oficina de correos/ou Rexistro Xeral de Entrada correspondente ao correo electrónico concello.samos@gmail.com.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución no prazo máximo de tres (3) días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicaráse no taboleiro de edictos da casa do Concello e no da sede electrónica e abrírase un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de tres (3) días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos na que se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal. O tribunal axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

No mesmo decreto no que se aprobe a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos a alcaldesa nomeará os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e se publicará nos taboleiros de anuncios do concello.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.
- Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.
- Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e praxe do Presidente/a do tribunal.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de **oposición**, e o seu resultado será determinado polos obtidos nas seguintes probas (**puntuación máxima 20,00 puntos**):

PRIMEIRO EXERCICIO: Esta parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 de reserva para posibles impugnacións) con tres respostas alternativas nun tempo máximo de trinta minutos baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I. Só unha das respostas será a correcta, e cada unha acertada puntuarase con 0,50 puntos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: Realización de unha ou varias probas prácticas relacionadas coas tarefas a desempeñar, a proposta polo Tribunal no tempo máximo de trinta minutos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

PROBA DE GALEGO: Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen diccionario, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos.

Valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para obter a condición de apto.

Os aspirantes serán convocados aos distintos exercicios provistos do seu D.N.I. en chamamento único. A non presentación comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e, xa que logo, quedara excluído do proceso selectivo.

9. RELACIÓN DE APROBADOS

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web a puntuación total do proceso selectivo, dispoñendo os aspirantes dun prazo de alegacións de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no segundo exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida no primeiro exercicio. De continuar o empate, resolveríase por sorteo público.

De efectuarse alegacións, resolveranse polo Tribunal a efectos da proposta definitiva. De non existir, a proposta provisoria elevarase automaticamente a definitiva. Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente a proposta definitiva para que dite Resolución cos candidatos seleccionados, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha lista de agarda dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos por orde de puntuación, para a súa posible contratación

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo máximo de dous (2) días hábiles a partires da Resolución cos candidatos seleccionados para seren contratados, éstos deberán achegar a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

1) Certificación ou informe médico actualizados na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da documentación acreditativa da titulación esixida na convocatoria.

3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

4) Número de conta bancaria (IBAN).

- **A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.** Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, a Sra. alcaldesa resolverá o proceso e se formalizarán os correspondentes contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

12. IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

Samos, 4 de abril de 2025.- A alcaldesa, María Jesús López López.

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Samos: Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica, provincial e competencias municipais.

Tema 2

Uso e mantemento do tractor e dos seus aperos.

Tema 3

Desbroce en pistas e camiños. Materiais e ferramentas e empregar. Sinalización.

Tema 4

Normas específicas de circulación para vehículos especiais agrícolas.

Tema 5

Lei 3/2007 do 9 de Abril de Prevención e Defensa contra incendios forestais de Galicia. Título II: Planeamiento de la defensa del espacio rural frente a los incendios forestales. Título III: Actuaciones preventivas.

Tema 6

Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde nos traballos do tractor. Prevención de riscos laboráis.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE DOUS (2) POSTOS DE CONDUCTOR DE TRACTOR E OUTROS VEHÍCULOS MUNICIPAIS DURANTE 6 MESES, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO

D/a provisto/a de D.N.I. nº
 con enderezo na R/ nº
 piso C.Postal Localidade Municipio
 Provincia Teléfono

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello de Samos para a contratación laboral temporal (contrato eventual polas circunstancias da produción), a xornada completa, dos postos sinalados,

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade e acepto as bases que rexen a convocatoria, e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral.

TERCEIRO.- Que no caso de ser nacional doutro Estado, non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

CUARTO.- Que autorizo ao concello do Samos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, para o cal presento a documentación seguinte (MARCAR O QUE PROCEDA) :

- ☐ DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- ☐ No seu caso, documentación acreditativa do requisito da nacionalidade á que se refire a base 4ª, letra a.3).
- ☐ Permiso de condución en vigor tipo B.
- ☐ Acreditación do coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia.
- ☐ Documentación acreditativa de estar en posesión (ou en condicións de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias) da titulación esixida na convocatoria.
- ☐ Documentación acreditativa do cumprimento do requisito de demandante de emprego.
- ☐ No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

..... de de 2025

O/a solicitante,

Asdo.:

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SAMOS

R. 0940

TRABADA*Anuncio*

Faise pública a convocatoria e as bases para a reapertura de bolsa de emprego para a contratación de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Trabada.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Trabada, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos: Os establecidos nas bases de convocatoria, publicados no Taboeiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>)

Sistema de selección: Oposición .

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, Rubén García Freije, en Trabada, ante o Sr. Secretario.

Trabada, 7 de abril de 2025.- O alcalde, Rubén García Freije. O secretario, Iago Pernás Mourenza.

R. 0953
